

AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE DOS ALUMNOS/AS
DO CPI TOURAL

O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18.1 da Constitución Española e desenvolto pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, así como pola Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD) así como polo Regulamento UE 2016/679, Regulamento Europeo para a Protección de Datos.

Os alumnos/as do centro levan a cabo ao longo do ano numerosas actividades didácticas, dentro e fóra do mesmo, nas que se realizan fotografías e vídeos utilizados con fins exclusivamente educativos, ben sexa para decorar as propias aulas do centro ou ben para ilustrar as publicacións, os proxectos de centro e das asociacións sen ánimo de lucro coas que colaboramos durante o curso escolar.

Así, pregámoslle cumprimente a seguinte **autorización** para o curso 2024/2025:

DON/DONA _____,

con DNI: _____, como pai/nai/titor/a legal do alumno/a:

_____ ,

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A cesión de imaxes e vídeos para a súa inclusión no ficheiro denominado “material didáctico”, que será compartido exclusivamente co resto de compañeiros do grupo, sendo expresamente informados os seus representantes legais de que a utilización fóra do ámbito doméstico queda baixo a responsabilidade directa dos mesmos.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A Cesión de imaxes para a súa publicación na Páxina Web do centro.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A Cesión de imaxes para a súa publicación en revistas escolares e proxectos do centro.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A cesión de documentos informativos e/ou gravación e difusión das actividades do Centro nos medios de comunicación (radio, televisión e prensa escrita).

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A cesión de Materiais didácticos nos que aparezan imaxes dos menores, elaborados polo profesorado do centro que para ser difundidos nos repositorios de contidos dixitais do Espazo Abalar da Consellería de educación e repositorios pertencentes a outras Comunidades autónomas.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

•A cesión de imaxes para redes sociais (Facebook, Instagram,...) do centro e dos departamentos/cursos do mesmo.

En Vilaboa, a de de 202__

O Pai/Titor Legal

A nai/ Titora legal

Asdo.:.....

Asdo.:.....



De conformidade co establecido na LOPDGDD informámoslles que os datos que vostede aporta neste proceso serán incorporados a un ficheiro de titularidade da Consellería de Educación da Xunta de Galicia coa finalidade baseada no cumprimento dunha misión de interese público e no exercicio de poderes públicos conferidos á Consellería de Educación, pola vixente Lei 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), para o arquivo e posterior tratamento e así poder levar a cabo as comunicacións pertinentes. Coa firma e/ou entrega deste documento, vostede manifesta o seu consentimento para o tratamento de datos por parte do CPI do Toural para a finalidade especificada. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o de limitación e esquecemento, que lle outorga a LOPDGDD dirixindo unha carta á dirección deste centro escolar, sito en Toural nº 34 ; CP 36141; Vilaboa (Pontevedra) ou a través do correo electrónico cpi.toural@edu.xunta.es. Nesta carta debe incluír, ademais da súa solicitude, firmada por vostede, ou por unha persoa que ostente a representación ou potestade legal suficiente sobre vostede, fotocopia do NIF ou documento válido equivalente para a acreditación da súa identidade e (no seu caso) da persoa que represente.